



GACETA

Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria



A agamFEC é unha asociación médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo adecuado desenvolvemento da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia. É algo máis ca unha axencia prestadora de servizos ou que unha asociación defensora de intereses corporativos.

A agamFEC busca sumar esforzos e ilusións. Pretende reunir e representar a todo o colectivo médico de Atención Primaria e servir de canle para asumir a corresponsabilidade no proceso de mellora e modernización da nosa sanidade.

A agamFEC quere xogar un papel fundamental no desenvolvemento da Medicina de Familia e Comunitaria e da Atención Primaria en Galicia, aglutinando aos especialistas en MFC e demais profesionais de Atención Primaria do noso país, e asumindo a súa defensa e representación.

A agamFEC está dirixida por unha Xunta Directiva renovable cada dous anos. Artículase en Seccións (Docencia, Investigación, PAPPs, Prensa e Relacións coa semFYC) e Grupos de Traballo, coa pretensión de canalizar a máxima participación dos seus asociados.

A agamFEC está integrada na estrutura federal da semFYC, sociedade que agrupa ás 17 sociedades autonómicas do estado, constituindo a sociedade científica médica de maior actividade e implantación, chegando na actualidade a reunir a 15.000 profesionais de todo o estado español.

¿Cáles son os fins da agamFEC?

- Promocionar e fomentar o progreso da medicina de familia e comunitaria, e da Atención Primaria, divulgando e impulsando os coñecementos da especialidade e os seus principios.
- Representar os intereses dos seus membros no marco das leis e ante os organismos das Administracións Públicas Sanitarias e docentes e outros órganos ou entidades nacionais e internacionais públicos ou privados.
- Servir de órgano informativo respecto das funcións e fins da especialidade, e realizar cantas tarefas se lle encomenden, colaborando con entidades públicas ou particulares mediante elaboración de estudos, informes ou propostas.
- Procurar a harmonía dos especialistas e asociados, organizar actividades de carácter profesional, de investigación, formativo, cultural ou asistencial co fin de acadar os obxectivos anteriores en colaboración coas administracións públicas, centros de saúde, hospitais, Colexios de Médicos, Facultades de Medicina e demais sociedades científicas.
- Fomentar e procurar a participación de todos os asociados nas distintas actividades e tarefas da Asociación, a fin de conseguir o mellor cumprimento destes obxectivos.

¿Qué ofrece a agamFEC aos seus asociados?

A mellora profesional a través das distintas actividades é o maior beneficio que o socio pode conseguir da agamFEC.

Esto pode lograrse a través de:

- Actividades de formación continuada nas que o socio participa (congresos, debates, cursos...) tanto en calidade de asistente como de ponente.
- Fomentando a investigación, potenciada a través dos congresos anuais da agamFEC, a través de apoio metodolóxico, convocatorias de becas...
- Favorecendo a participación e o intercambio de experiencias entre os socios por medio dos Grupos de Traballo e outros foros que se constitúan.
- Proporcionando material científico e publicacións elaboradas e editadas pola agamFEC e a semFYC.

Actualmente os socios da agamFEC reciben de xeito gratuito nos seus domicilios as seguintes publicacións periódicas:

- Cadernos de Atención Primaria
- Atención Primaria
- Dimensión Humana
- Medifam
- Os socios da agamFEC reciben tamén os Documentos semFYC, así como información das actividades que a Asociación realiza e outras informacións de interese para os médicos de familia.
- Outro beneficio que o socio pode obter son os descontos para asistencia ás actividades que a Asociación organiza: congresos, cursos, xornadas de residentes, talleres...
- A pertenza á agamFEC ofrece a posibilidade de participar nos grupos de traballo e de participar nas distintas actividades que a Asociación poñe en marcha. Tamén pode o socio participar na Asamblea Anual que se organiza xeralmente coincidindo co Congreso autonómico, así como participar na elección dos membros da Xunta Directiva.

¿Quén pode asociarse á agamFEC?

Poden ser socios da agamFEC todos os médicos que traballen ou estean relacionados coa Atención Primaria de Saúde e que realicen o seu traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, sexan ou non especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, e que estean de acordo cos obxectivos que a Asociación persigue.

Para ser socio da semFYC hai que selo necesariamente a través de algunha sociedade autonómica federada. Todos os asociados da agamFEC son, polo tanto, tamén socios da semFYC.

Os membros da Asociación teñen os seguintes dereitos:

- Ostentar a calidade de membro e asistir ás sesións que a Asamblea Xeral celebre.
- Participar nas actividades e actos da Asociación.
- Ser candidato nas eleccións para órganos da Asociación.
- Ser informado das actividades e planos da Asociación.

A cota de asociado é de 10 euros ao trimestre.

Os residentes da especialidade de Medicina de Familia e Comunitaria poden ser socios da agamFEC de maneira gratuita durante o primeiro ano de asociados.

Para contribuír á mellora da Atención Primaria en Galicia:

¡Asociate a AGAMFEC!

ACTIVIDADES CIENTÍFICAS E DOCENTES

- Participación na organización do **VII Congreso Galego-Portugués** celebrado en Viana do Castelo (Portugal) os días 10 e 11 de maio de 2.002, con 237 participantes.
- Organización das **V Xornadas do Residente**, celebradas o 25 e 26 de outubro de 2002 en Santiago de Compostela, nas que se desenvolveron 3 obradoiros realizados por grupos de traballo da AGAMFEC:
 - A diabete en Atención Primaria: abordaxe terapéutica
 - Infiltracións en Atención Primaria
 - Terapia Familiar Breve: aplicacións en Atención Primaria
- Participación nas **IX Xornadas do PAPPS** celebradas o 30 de novembro de 2002 en A Coruña, nas que se desenvolveron 2 mesas: psicoloxía da inmigración e manexo da dó.
- Participación na mesa **Prevención de las Enfermedades Cardiovasculares en la Práctica Clínica** que se celebraron en Santiago de Compostela o 5 de novembro de 2002, en colaboración cas outras 2 sociedades científicas de primaria (SEMG e SEMERGEN), a universidade de Santiago de Compostela e o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.
- Colaboración con SEMERGEN e SEMG para a realización dun novo debate sobre **Prevención Cardiovascular en Atención Primaria**, a celebrar en datas próximas
- Constitución dun **Nodo Galego da Rede Temática de investigación en Actividades Preventivas en Atención Primaria do Instituto Carlos III**.
- Colaboración coa páxina web: www.fisterra.com na elaboración de Guías de Práctica Clínica por parte dos grupos de traballo e na realización de 2 cursos a distancia: **Guías de Práctica clínica e Saúde Mental**. Tódolos cursos están acreditados polo Ministerio de Sanidades e Consumo e pola AGAMFEC.
- Publicación trimestral da revista **Cadernos de Atención Primaria**.
- Acreditación, como asociación científica, da publicación das Guías de Práctica Clínica de www.fisterra.com.
- Promoción da **III e IV Semana sem Fume** en colaboración coa semFYC e o PAPPS, no mes de maio do 2002 e 2003.
- Apoio e colaboración na constitución e dinamización de **Grupos de Traballo da AGAMFEC**. Actualmente están constituídos:
 - **Comunicación e Saúde**. Responsable: Ana Carvajal de la Torre.
 - **Hipertensión Arterial**. Responsable: Manuel Domínguez Sardiña.
 - **Diabetes**. Responsable: Fco. Javier García Soidán.
 - **Demencia**. Responsable: M^ª Carmen Fernández Merino.
 - **Cirurxía Menor en Atención Primaria (A.P.)**. Responsable: Aida Méndez Baliñas.
 - **Atención á Muller**. Responsable: Abel Coutado Méndez.
 - **Tabaquismo**. Responsable: Felisa Domínguez Grandal.
 - **Dislipemias**. Responsable: Alberto del Álamo Alonso.
 - **Patoloxía Osteo-articular en Atención Primaria**. Responsable: Ana Castaño Carou.
 - **Patoloxía Respiratoria**. Responsable: César Rodríguez Estévez.
 - **Coidados Paliativos**. Responsable: David Baquerizo
- Creación da **páxina web da AGAMFEC**: www.agamfec.org.
- Contactos co decanato da Facultade de Medicina de Santiago de Compostela, para establecer colaboración na formación pregrado.
- Organización das **Xornadas de Primavera da AGAMFEC** que se celebraron o 24 de maio do 2003 en Santiago de Compostela, nas que os obradoiros foron realizados polos grupos de traballo da AGAMFEC.
- Colaboración na organización do **Congreso Nacional de Comunicación e Saúde** que se celebrou en abril-maio do 2003 na Toxa.
- Colaboración na organización do **VIII Congreso Galego-Portugués e XI Xornadas de Medicina de Familia** que se celebrará o 17-18 de outubro do 2003 en Santiago de Compostela.
- Colaboración na organización do **6º congreso rural da WONCA: 6th Wonca Rural Health Conference** que se celebrou en Santiago de Compostela do 24-27 de setembro 2003.
- Distribución dun modelo de **Memoria Profesional** do médico de familia, elaborada por un grupo de médicos de familia, a todos os socios da AGAMFEC, para o proceso Extraordinario de Consolidación de Emprego.

RELACIONES COA semFYC E OUTRAS ORGANIZACIÓNS

- Participación nas **Xuntas Directivas da semFYC** como membro da mesma.
- Participación nas **Reunións de Residentes da semFYC**
- Participación na **I cumbre Íbero-americana de Medicina Familiar**, celebrada en Sevilla do 14 ó 17 de maio e organizada pola Confederación Íbero-americana de Medicina Familiar (CIMF), semFYC e Organización Pan-americana de la Salud (OPS/OMS).

- Participación na proba de **Evaluación Clínica de la Competencia Objetiva y Estructurada (ECOFE)**, como sociedade federada da semFYC.
- Participación nas **X Xornadas de Primavera semFYC** que se celebraron en Zamora e en abril 2002. Participación tamén nas **XI Xornadas de Primavera semFYC** que tiveron lugar en Cuenca en abril 2003.
- Participación no **XXII Congreso Nacional de Medicina de Familia y Comunitaria** celebrado en Madrid en novembro 2002.
- Obtención da sede do **XXV Congreso Nacional de Medicina de Familia y Comunitaria (2005) en Santiago de Compostela**.

MOBILIZACIÓNS

- Interposición de **recurso contencioso-administrativo** contra a **Orde da Consellería de Sanidade da Comunidade Autónoma de Galicia do 15 de febreiro de 2002** "pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servicio Galego de Saúde na categoría de médico de familia de atención primaria" publicada no Diario Oficial de Galicia nº 40 do 25 de febreiro de 2002.
- **Solicitude** reiterada á Consellería de Sanidade da **representación da AGAMFEC nos tribunais do "proceso extraordinario de consolidación de emprego** para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario

das institucións sanitarias dependentes do Servicio Galego de Saúde na categoría de médico de familia de atención primaria", así como a **solicitude dun compromiso escrito de convocatoria de OPE anual** unha vez rematado este proceso de consolidación de emprego. En espera de resposta.

- Participación activa na constitución e no desenvolvemento da plataforma contra do **Anteproxecto de Lei de Ordenación Sanitaria de Galicia (LOSGA)**, constituída por partidos políticos da oposición, sindicatos e diversas asociacións cidadáns e profesionais.
- Colaboración con semFYC na iniciativa de presentar a **Medicina de Familia e Comunitaria** como unha **área de coñecemento na Universidade**.
- O Tribunal Superior de Xusticia sentenciou a favor da AGAMFEC ó confirmar a **legalidade do Real Decreto 1753/98**, polo que se recoñece ó mérito da formación especializada vía MIR en Medicina de Familia e Comunitaria, considerando xusta e proporcionada a súa equivalencia a 6-8 anos de experiencia profesional.
- Colaboración ca **Plataforma 10 minutos**.
- Colaboración e pertenza á Plataforma cidadá **NUNCA MÁIS**.
- Reelección da Xunta Directiva da AGAMFEC en marzo de 2002, por un período de 2 anos.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2003

*Asdo: Ana Castaño Carou
Secretaria AGAMFEC*

En los últimos años la investigación ha ido incrementándose en el ámbito de la Atención Primaria. De ser algo puramente anecdótico ha pasado a convertirse en una actividad más para muchos Médicos de Familia, insertándose plenamente en su trabajo diario. Sin embargo, la actividad investigadora presenta, entre otras, carencias directamente relacionadas con el medio en que ejerce el médico. El médico rural, generalmente con más dificultad para acceder a la información, a la formación investigadora y a los centros donde habitualmente se desarrolla esta actividad, ha permanecido más alejado de la misma que cualquier otro. Desde el Grupo de Trabajo de Medicina Rural de semFYC se pretende dar respuesta a este problema, intentando que el Médico de Familia que ejerce en este medio pueda desarrollar estudios de investigación, contando con una infraestructura mínima que le garantice asesoría metodoló-

gica y población suficiente para desarrollar dichos estudios, a fin de eliminar uno de los mayores problemas existentes, como es la validez externa de sus estudios.

Para ello, el Grupo de Medicina Rural ha creado, adscrito al mismo, la Red de Médicos Rurales Investigadores (RMRI) con el propósito de promocionar y facilitar el desarrollo de proyectos de investigación en el medio rural.

Desde hace casi un año que comenzó su andadura, la Red ha demostrado que funciona y que la idea es plenamente operativa. Por ello, desde el Grupo queremos animar a todos los compañeros interesados en la investigación a ponerse en contacto con nosotros para ofreceros toda la información que podáis necesitar.

*Gabriel J Díaz Grávalos
GdT Medicina Rural. SemFYC.
gjdgravalos@jazzfree.com*

O seguinte é um pequeno resumo da charla dirigida aos/às residentes de MfeC o passado mês de julho. Nom é um relatório sistemático mas só um mapa cativo do que se pode topar buscando trabalho ao rematar a residência.

REDE PÚBLICA

A.1 Atenção Primária

As possibilidades de conquistar um trabalho estável nos SAP para os/as novos/as médicos de família som, a curto prazo, escassas. Actualmente existe um concurso-oposição "extraordinário" em curso, que provavelmente nom finalizará antes de 12-18 meses. Existe um compromisso verbal de realizar convocatórias ordinárias periódicas ao rematar esta OPE.

O trabalho eventual na AP pode ser:

- interino: dada a pouca criação de praças, as poucas jubilações, as comissões de serviços, o listado corre lentamente;
- substituto: espera-se a abertura das listas por área a princípios de 2004. A frequência do trabalho varia segundo as áreas, e caracteriza-se pola acumulação de horários e de pacientes de vários médicos.
- reforço de UEH: Teoricamente a eleição de PACs para os/as substitutos/as que figurem no listado de Urgências extra-hospitalares (UEH) será em Novembro de 2003. A el só podem aceder os/as que figurem na lista de contratações com opção UEH.

Nos últimos anos fôrom apresentados vários recursos contra o valor da especialidade (dirigidos a pedir que a especialidade nom tivesse valor no baremo) que fôrom desestimados no TSJG. Tamém recentemente desestimárom-se os múltiplos recursos contra o RD 1753/98 de homologação que buscavam idéntico fim. Em conclusom, nas vindeiras convocatórias de emprego no SERGAS (tanto estável como eventual) a especialidade deve contar o equivalente a 6-8 anos de tempo trabalhado, tal e como marcava a normativa defendida polos tribunais.

No relativo ao trabalho nas UEH, existe um dispositivo organizativo transitório que já dura 4 anos e que xurdiu do desmantelamento dos Serviços Normais e os Serviços Especiais de Urgências, ambos vencelhados à AP. Este dispositivo consiste na cobertura das horas de atenção continuada "sobrantes" (em virtude da redução de horas de guarda imposta pola Uniom Europeia) por pessoal "vinculado" ao PAC mediante contratos por horas que se assinam antes de cada dia de trabalho. O período transitório remata em Novembro de 2004. Apartir de entom, o SERGAS terá que organizar um novo sistema de cobertura das horas de atenção continuada estável. As negociações

com os sindicatos, ainda nom iniciadas formalmente, deveriam começar este mês. Extraoficialmente, a solução preferida pelas autoridades sanitárias é outorgar o serviço à Fundação Pública 061.

Mentres tanto, os chamados "reforços" de atenção continuada sofrem acúmulo de trabalho durante períodos clássicos de descanso (verao, Natal) e um abuso permanente bem conhecido nos horários de trabalho. Ademais, o trabalho no tramo horário ordinário (manhás, tardes) é escasso em muitos dos PACs durante o resto do ano.

As Gerências de AP afirmam necessitar pessoal para cobertura das vacaçoms, das guardas dos PACs e imprevidos, ainda que isto se reflecte na oferta de contratos melhor numhas áreas que noutras. O listado interinidades, por exemplo, move-se mais ligeiramente no interior do país.

A.2 Hospitais

Nos Serviços de Urgências ofertam-se maiormente substituições de verao, agás nalguns hospitais que tenham necessidades transitórias de cobertura debido a pessoal que está em postos administrativos, baixas maternais, etc. Os hospitais docentes adoitam contratar aos seus residentes

Nas Unidades de Hospitalização a Domicílio há escassas oportunidades actualmente, dado que tendem a contratar internistas. Existe um plano do SERGAS de criar estas Unidades em Hospitais que carecem delas.

A.3 Inspectores e outros

Existe um listado paralelo ao listado geral de contratações eventuais de A.P., que se abre junto a este na mesma convocatória, para a cobertura de substituições e interinidades de funcionários: inspectores médicos, administração sanitária e escalas de saúde pública.

A.4 MIR

Apesar de ser umha opção de formação, foi em muitos casos umha possibilidade laboral para médicos de família sem trabalho. Na actualidade há já um exame unificado, nom houve redução imediata de praças ofertadas e nom é obrigatória a opção prévia de especialidade.

B. ÂMBITO PRIVADO

B.1 Consulta de MF

O trabalho da especialidade na modalidade de prática livre tem hoje-em-dia vários limites: o avanço (apesar da lentitude) da cultura da Reforma da A.P. entre os pacientes, a elevada inversom inicial necessária, a saturação do mercado, as diferenças teóricas e práticas do exercício da profissom no âmbito privado com respeito ao âmbito público no que se cumpriu o período formativo, e a compatibilidade difícil coa disponibilidade para os listados do SERGAS

Para exercer a especialidade nesta modalidade som necessários os seguintes trâmites:

- 1º Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE): no Concelho
- 2º Alta em autónomos (SS)
- 3º Autorização da Delegação Provincial de Sanidade (requisitos no D 77/01 e Orde 29/3/01 ambos no DOG 72 do 11/5/01)

B.2 061

Elaboram umha lista para contratos temporais de médicos coordenadores (na central) e médicos assistenciais que abrem cada ano, normalmente no primeiro semestre. Para trabalhar de médico coordenador valora-se o curso que o próprio 061 imparte, mas nom é requisito para ser contratado. Antes da oferta admitem tamém currículos porque em ocaos esgotam o listado com a cobertura de necessidades pontuais. Adoitam fazer umha oferta de emprego estável cada dous anos.

B.3 Hospitais

Nas Fundações Públicas há maior mobilidade de pessoal e contratos mais estáveis que nos homólogos do SERGAS, mas por contra o salário é menor e o tempo trabalhado conta menos nos baremos do SERGAS.

No Hospital de Verim publicam as necessidades de contratação eventual na imprensa especializada (Diario Médico, Gaceta Médica), às vezes também em La Voz de Galicia. Nom precisam contratar pessoal no Serviço de Urgências no verao habitualmente. Esperam ofertar em breve umha praça fixa.

No Hospital do Barbança publicam o pacto de contratações no DOG. No Serviço de Urgências a especialidade que mais pontua é MfeC. Contratam habitualmente 2 ou 3 médicos para este serviço nos veraos. Invitam a enviar currículo até a convocatória do ano 2004.

No Hospital de Cee nom publicam pacto de contratações. Normalmente contratam 1 ou 2 médicos no verao para cubrir o Serviço de Urgências. Publicam a oferta eventual na imprensa especializada, e na web do SERGAS <http://www.sergas.es>. Nom prevém ofertar convocatória estável de praças.

No Hospital do Salnés ainda nom está definida a periodicidade das ofertas, já que o Hospital ainda está botando a andar. Têm um concurso em marcha.

Nos Hospitais privados nom é frequente a necessidade de cobertura de vacações, entre outras cousas polo menor número de camas. Assi e todo podem aparecer contratos em Urgências

B.4 Centro de Transfusons

É umha Fundação Pública. Publicam umha lista para contratações temporais no DOG e na imprensa. Necessi-

tam médicos de família para unidades móveis e locais de extracção nas cidades. Abrem as listas com periodicidade.

B.5 MATEPSS

As Mútuas de Accidentes de Trabalho e Enfermidades Profissionais da Seguridade Social têm incrementado as suas funções e actividades nos últimos anos graças aos câmbios legislativos impulsados polo Governo central. A causa disto, estão a incrementar os seus quadros de pessoal sobretudo por conta de especialistas em Medicina do Trabalho e em MfeC. Adoitam publicar as suas ofertas na imprensa geral.

B.6 ONGs

Precisam cubrir postos de vários tipos de trabalho:

- 4º mundo: educação sanitária em populações marginalizadas, atenção a imigrantes, etc.
- Noutras latitudes:
 - Coordenação de projectos de desenvolvimento de estruturas sanitárias ou de programas de saúde
 - Trabalho assistencial, quer actuações urgentes (refugiados, guerras, etc) quer clínica geral em regions estáveis mas depauperadas.

As condições das ONGs com maior movimento de pessoal e projectos mais custosos som: contrato e salário (baixo) no país de orixe, gastos de manutenção pagos, seguro de enfermidade e accidentes.

As mais acessíveis centralizam a contratação de pessoal nas suas oficinas centrais, fora da Galiza: Médicos do Mundo, Médicos sem Fronteiras, Medicus Mundi.

B.7 Outras

Os gabinetes ou consultas de "Psicotécnicos" precisam dumha inversão inicial, e têm um mercado bastante copado.

Os Laboratórios Farmacéuticos contratam para determinados postos a médicos com funções de investigação, coordenação ou formação.

WEBS

Algumas das webs mais útiles som:

- www.diariomedico.com
 - Empleo
 - Especial: "trabajar fuera de España"
- www.samfyc.es/portal/index.php
- www.sergas.es
- www.agamfec.org

Joam J. Casas Rodríguez

1. PORTUGAL

Trámites en galiza I

REXISTRO CIVIL: Solicitar un **Certificado de Nacemento**.

COLEXIO MÉDICO PROVINCIAL:

- **Certificado de boa conducta profesional**, que se envía ao Consejo General de Colegios Médicos en Madrid, coa reseña de recoller en man (aproximadamente 20 días antes da viaxe a Madrid). O Consejo General de Colegios Médicos expide un novo certificado que é o que ten validez en Pórtugal. Este documento debe apostillarse no Tribunal Superior de Justicia (C/ General Castaños, 1. 20004 Madrid. Metro Colon. Línea marrón).
- **OPCIONAL: Certificado Médico Ordinario** acreditativo de estar en posesión das necesarias aptitudes físicas e mentais para o exercicio da profesión, legalizado polo Colexio Provincial e posteriormente polo Consejo General de Colegios Médicos (C/ Villanueva, 11. 28001 Madrid. Tel. 91 431 77 80. Metro: Retiro. Línea vermella). Na Ordem dos Médicos prefiren un certificado médico dun médico portugués, esto tamén supón un aforro xa que non require pagar taxas ao traductor xurado.

Trámites en madrid

COLEXIO DE MÉDICOS: Recoller o Certificado de Boa Conducta Profesional (e o Certificado médico ordinario no caso que optemos por esta opción) no Consejo General de Colegios Médicos (C/ Villanueva, 11. Metro: Retiro. Línea Encarnada)

TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA: Apostillar Certificado de Boa Conducta (C/ General Castaños, 1. Metro Colon. Línea marrón)

MINISTERIO DE EDUCACIÓN: Legalizar títulos de Licenciado/a en Medicina e Especialista en Medicina de Familia e Comunitaria, no Departamento de Legalizaciones. (Paseo del Prado 28. 3ª Planta).

MINISTERIO DE SANIDADE: Legalizar título de acreditación do Ministerio de Sanidade e Consumo que habilita para traballar nos Sistemas Públicos dos Estados Membros da CE (Paseo del Prado. 5ª planta, porta 5045. Esther Rodríguez).

MINISTERIO DE JUSTICIA: (C/ San Bernardo, 45. 28015, Madrid. Tel: 91 390 20 00. Metro: Noviciado. Línea vermella).

- Comprar impreso para certificado de penais
- Solicitar Certificado de Penais para país extranxeiro (24 horas).
- Selar ca apostilla de La Haya os títulos previamente legalizados (Medicina, Especialidade e Acreditación) e o Certificado de Penais

Trámites en galiza II

Compulsa das fotocopias dos títulos orixinais (correctamente legalizados e ca apostilla de La Haya) e Traducción Oficial ó Portugués de toda a documentación no Consulado de Portugal en Ourense (Tel: 988 211 387) ou en Vigo (986 436 911). Tamén pode facerse a través dun traductor xurado.

Trámites en Portugal

Consulado Español en Portugal: (Rúa D. Joao IV, nº 341. 4000-302. Porto. E-mail: cgespporto@correo.mae.es)

- Certificado de Nacionalidade
- Certificado de Residencia:
 - Dirección de referencia en Portugal
 - Dúas fotos carnet
 - Fotocopia do DNI ou pasaporte
 - Copia simple ou Certificado de Nacemento
 - Cubrir un impreso

Abrir unha conta corrente nun banco portugués e sacar a tarxeta fiscal delegación do Ministerio das Finanzas (tarxeta do contribuinte)

Acudir á ordem dos médicos:

1. Título de Licenciado/a en Medicina e Cirurxía Xeral e de Especialista en Medicina de Familia e Comunitaria. Optativo para licenciados/as antes de 1.995: Título de Acreditación do Ministerio de Sanidade e Consumo que "habilita para desempeñar las funciones de Médico de Medicina General en el Sistema Nacional de Salud Español, así como en los Sistemas Públicos de la Seguridad Social de los demás Estados Miembros de la Comunidades Europeas"
2. Certificado de Nacimiento (Rexistro Civil).
3. Certificado de Penais do país de orixe ou procedencia.
4. Pasaporte ou DNI.
5. Certificado de Nacionalidade (Consulado Español en Portugal).
6. Domicilio fiscal en Portugal e Tarxeta do Contribuinte.
7. Certificado de Boa Conducta Profesional do Consejo General de Colegios Médicos.
8. Certificado Médico Ordinario, válido de calquera país da Unión Europea, preferiblemente portugués.
9. 3 fotos
10. Cumprimento dos trámites administrativos.
11. Presentación do formulario de inscrición e impreso bancario.
12. Abono de cuota.

PRAZOS: 3 meses á partir da recepción da documentación completa.

RECLAMACIÓNS:

- Conselho Nacional Executivo da Ordem dos Médicos
- Tribunais competentes

Conselho nacional executivo da ordem dos medicos

Av. Almirante Gago Coutinho, nº 151. 1749 - 084. Lisboa. - Tel: (00351) 21 842 71 00. FAX: (00351) 21 842 71 01 - E-Mail: ordemmedicos@mail.telepac.pt

Ordem dos medicos. Secção Regional do Norte

R/ Delfim Maia, nº 405 - 4200 - 256 Porto. - Tel: (00351) 22 070 100. FAX: (00351) 22 550 25 47 (Sede)/ 22 507 01 99 (Casa do Médico) - E-Mail: secretaria@ordemdosmedicos.pt

Máis información: www.ordemdosmedicos.pt

Solicitud de traballo en Portugal

1. Colexiarse na Ordem dos Médicos.
2. Contactar ca Administração ou Subregião de Saúde de interese para comunicarlle a dispoñibilidade para traballar como médico/a de Clínica Geral, adxuntando o Currículo
3. Concurrar nos Concursos Externos que se publiquen no Diario da República para entrar no cadro de persoal
4. No caso de estar interesados en traballar en Hospitais contactar ca Dirección do Hospital para comunicar a dispoñibilidade para traballar

Enderezos de interese:

Administração Regional de Saúde do Norte: R/ Santa Catarina, 1288. 4000. Porto. - Tel: (00351) 22 551 24 00

Sub-região de Saúde do Porto: R/ Nova de San Crispim, 380. 4049 - 002. Porto - Tel: (00351) 22 519 21 00

Sub-região de Saúde de Viana do Castelo: R/ José Espregueira, nº 96/126. 4901 - 871. Viana do Castelo - Tel: (00351) 25 880 94 00

Sub-região de Saúde de Vila Real: R/ Miguel Torga, nº 12 - F. 5000 - 524 Vila Real - Tel: (00351) 25 930 22 70

Sub-região de Saúde de Braga: Largo Paulo Orósio. 4700 Braga Codex - Tel: (00351) 25 320 92 00

Sub-Região de Saúde de Bragança: R/ D. Pedro V. 5300 Bragança

Condições de traballo en Portugal

Contrato a termo certo:

- Traballo temporal (6 m)
- Remuneración aproximada: 1.250 euros
- Posibilidade de traballo extra: atención urgente
- Xornada semanal: 35 horas:
 - 4 h/d de consulta a demanda. 1 pac./15 minutos. 16 pac./d.
 - 4 h/semana de consulta programada
 - 6 h/semana de atención urgente
 - 5 h/semana de asuntos persoais

2. REINO UNIDO

Hai que colexiarse no Consello Xeral Británico: Registration Directorate General

GENERAL MEDICAL COUNCIL 178 Great Portland Street GB-London W1N 6JE

Tel: 44171 580 76 42 FAX: 44171 915 35 58

Documentación:

1. Formulario de inscrición FR7
2. Cuota >=135 libras
3. Pasaporte ou DNI
4. Título de licenciado/a en Medicina orixinal
5. Certificado orixinal expedido polo Consejo General de Colegios Médicos, no que conste que é apto para o exercicio da medicina en España. No caso de ter traballado noutro país da CE durante os dous últimos anos deberá presentar tamén o certificado semellante da autoridade competente.

Tramitación:

1. Tódolos documentos deben ser orixinais, non se admiten fotocopias compulsadas. Deberán estar legalizados e selados ca apostilla de La Haya. Os documentos oficiais no Ministerio de Xustiza e o certificado de boa conducta profesional no Tribunal Superior de Xustiza.
2. Os documentos orixinais devolveráanse por correo certificado. Deben ir acompañados da súa respectiva tradución oficial realizada por un traductor xurado.

Exame de inglés

Os médicos españois non están obrigados a facer un exame para colexiarse pero deben demostrar a quen os contrate que teñen un bo nivel falado e escrito como para desempeñar as súas funcións.

Certificado de colexiación

Cando se aprobe a colexiación expedirase un certificado acreditativo.

Información sobre postos vacantes

- British Medical Journal. www.bmj.com Tel: 44171 387 44 99
- The Lancet. www.thelancet.com

3. SUECIA

- Ofertas para traballar no Sistema Público de Saúde
- Licenciado/a pre-95 en posesión da acreditación que o habilite para traballar no Sistema Sanitario Público dos países membros da CE ou especialista en Medicina de Familia e Comunitaria.
- Xornada laboral de 8 a 17 horas, con modificacións a acordar no centro de saúde. Aproximadamente 15 minutos por paciente.
- 25 días de vacacións ó ano.

- Cursos de formación médica continuada. Centros de Saúde con gran capacidade resolutive: endoscopias, rectoscopias, lámpara de fendidura,...con facilidades de formación para o seu manexo.
- Salario: durante os 6 primeiros meses 3045 euros brutos, con contrato indefinido 3480 euros mínimo brutos, variará en función da experiencia profesional. As gardas páganse aparte (33% impostos)
- Curso intensivo de sueco 4,5 meses, con dedicación exclusiva: 3 meses en Barcelona e 1,5 meses en Suecia. Axuda para vivenda para residentes de forra de Barcelona. O curso é subvencionado: 600 euros/mes para residentes da área de Barcelona e de 800 euros/mes para resto.
- Ofertas de traballo para a parella e escolas/garderías para os fillos/as
- Imprescindible coñecemento de inglés
- Título de especialista en medicina de Familia e experiencia en Atención Primaria

• Son precisos:

- Certificado de Boa Conducia Profesional do Consejo General de Colegios Médicos
- Legalización e selo coa apostilla de La Haya dos títulos.

Proceso de selección

Interesados enviar currículum vitae traducido ao inglés a info@medicarrera.com antes do 22 de agosto, contactara-se para entrevista. En caso de dúbidas dirixirse ao mesmo enderezo de correo electrónico ou por teléfono ao número 93 162 14 12.

Contactos

- Loli-Toni: pleyades28@hotmail.com
- Toni alonso: med suecia@tiscali.se (preferiblemente) o med suecia@hotmail.com.
- Cristina Vivas: cristina.vivas_maiques@vgregion.se

Ana Castaño Carou

MIEMBROS DEL GRUPO DE DISLIPEMIAS

Coordinador

- Alberto J. Del Álamo Alonso
- C S Novoa Santos. Ourense
- Fernando Lago Deibe
- C S Sárdoma. Vigo
- Manuel González Rodríguez
- C S Novoa Santos. Ourense
- Raimundo Gulín González
- C S Valle Inclán. Ourense

ACTIVIDADES REALIZADAS POR MIEMBROS DEL GRUPO

1. Participación en talleres y cursos

- Abordaje del riesgo cardiovascular en Atención Primaria (IV jornadas de residentes -AGAMFEC-). Santiago 23 y 24 de noviembre, 2001.
- Manejo práctico de las dislipemias en Atención Primaria. Sistema de Acreditación en AP. Ourense 8-10 de Abril, 2002
- Manejo práctico de las dislipemias en Atención Primaria. Sistema de Acreditación en AP. Vigo 12-13 de Abril, 2002
- Prevención de las enfermedades cardiovasculares en la práctica clínica. AGAMFEC, SEMG-Galicia, Semergen-Galicia. Santiago 5 de noviembre, 2002

2. Congresos y jornadas

- Coordinación de la Mesa nº 2 sobre Dislipemias. VII Congreso Luso-Galaico de MFC. Viana do Castelo. 10-11 de maio, 2002.
- Ponencia sobre Prevención del Riesgo Coronario. Mesa de Actividades en Medicina Preventiva. VII Congreso Luso-Galaico de MFC. Viana do Castelo. 10-11 de maio, 2002.

3. Publicaciones

- Hipercolesterolemia: reto en Atención Primaria. (incluido en las Ponencias del VII Congreso Luso-Galaico de MFC). Cadernos de Atención Primaria. Vol 9 nº 2. Junio 2002.
- Prevención del Riesgo Coronario. (incluido en las Ponencias del VII Congreso Luso-Galaico de MFC). Cadernos de Atención Primaria. Vol 9 nº 2. Junio 2002.

4. Estudios

- Diseño, realización y presentación de un Estudio sobre el Riesgo Cardiovascular en los Diabéticos de la provincia de Ourense (estudio RiCarDO), especialmente incidente en la Dislipemia Diabética. Octubre, 2002.

PROPUESTA DE TALLER

Dislipemias y riesgo cardiovascular en atención primaria: de la teoría a la práctica

OBJETIVOS

1. CONOCER LA REALIDAD DE LA ENFERMEDAD CARDIOVASCULAR EN NUESTRO MEDIO
2. DESTACAR LA IMPORTANCIA DE LA DISLIPEMIA COMO FACTOR DE RIESGO CARDIOVASCULAR DE PRIMER ORDEN. PRINCIPALES RECOMENDACIONES DE SOCIEDADES Y CONSENSOS NACIONALES E INTERNACIONALES
3. MANEJO PRÁCTICO DEL PACIENTE CON DISLIPEMIA COMO ÚNICO FACTOR DE RIESGO CV (INCLUIDAS LAS FORMAS PRIMARIAS)
4. MANEJO PRÁCTICO DEL PACIENTE CON DISLIPEMIA ASOCIADA A OTRAS SITUACIONES DE RIESGO CV:
 - a. DISLIPEMIA Y DIABETES
 - b. DISLIPEMIA Y MÚLTIPLES FACTORES DE RIESGO CV
 - c. DISLIPEMIA EN PREVENCIÓN SECUNDARIA
5. TRATAMIENTO: NO FARMACOLÓGICO Y FARMACOLÓGICO. ¿QUÉ NOS APORTAN LOS ESTUDIOS REALIZADOS? ¿CUÁLES SON LAS PERSPECTIVAS DE FUTURO?

Metodología

- EXPOSICIÓN DE LOS ESTUDIOS EPIDEMIOLÓGICOS Y ENSAYOS CLÍNICOS QUE APORTAN LAS EVIDENCIAS DE MAYOR CALIDAD, -BASE PARA LA PRÁCTICA ASISTENCIAL- Y DE LAS PRINCIPALES RECOMENDACIONES REALIZADAS POR SOCIEDADES Y GRUPOS DE TRABAJO.
- DESARROLLO PRÁCTICO DE CASOS CLÍNICOS DE NUESTRO MEDIO ASISTENCIAL, MEDIANTE EL DEBATE DIRIGIDO, PARA ADQUIRIR LAS HABILIDADES NECESARIAS PARA UN MANEJO EFECTIVO DE LA DISLIPEMIA POR LOS MÉDICOS DE FAMILIA, MEDIANTE LA INTERVENCIÓN DE TODOS LOS PARTICIPANTES.

Docentes

- MIEMBROS DEL GRUPO DE DISLIPEMIAS DE LA AGAMFEC

Duración

- 120-150 MINUTOS (ORIENTATIVO -ASUMIENDO QUE DISPONEMOS DE MATERIAL SUFICIENTE PARA CURSOS DE MAYOR DURACIÓN)